

A CONSELLERÍA DO MAR MELLORA A SEGURIDADE E OPERATIVIDADE DO PORTO DE CABO DE CRUZ

- ***Portos de Galicia iniciará nos vindeiros días obras de conservación e mantemento de infraestruturas por importe de máis de 40.000 euros***

Santiago, 29 de agosto de 2017.- A Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, mellorará as condicións de seguridade e operatividade do porto de Cabo de Cruz, no municipio coruñés de Boiro. Así o comunicou esta mañá o presidente do ente público, José Juan Durán, nunha visita á zona para informar dos proxectos do seu departamento.

Durán Hermida explicou que nos vindeiros días darán comezo diferentes obras de conservación e mantemento das infraestruturas portuarias de Cabo de Cruz por importe de máis de 40.000 euros. Entre as actuacións máis destacadas, instalárase sinalización horizontal e vertical nos viais e explanada portuaria; e reparáanse distintos elementos do cantil como anillas de amarre, bitas ou as orelleiras do peirao. Así mesmo, para mellora da seguridade viaria, reparárase o asfaltado nunha superficie de máis de 100 metros cadrados.

Finalmente, Portos ten previsto iniciar tamén nas vindeiras semanas as obras de reforzo e mellora da escollera e o espaldón. Con esta actuación reparáranse os danos provocados polos temporais nestas infraestruturas de abrigo, reforzando a seguridade das embarcacións que amarran no interior da dársena.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR